

EXP. 564/2026

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 09/06/2026 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.7. Bases reguladoras e convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de veciños/as e outras entidades sen ánimo de lucro do Concello de Toén para o ano 2026 (Exp. 564/2026)

Dáse conta das bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de veciños/as e outras entidades sen ánimo de lucro do Concello de Toén para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén publicada no BOP nº 19, de data 25/01/2005.

Tras o exame das bases, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran presentes na sesión e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de veciños/as e outras entidades sen ánimo de lucro do Concello de Toén para o ano 2026, que se unen como anexo ao presente acordo, e dispor a súa publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>).

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de veciños/as e outras entidades sen ánimo de lucro do Concello de Toén para o ano 2026 e remitirle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente á convocatoria polo importe máximo de 6.100,00 € con cargo á aplicación 330.48 e polo importe máximo de 1.400,00 € con cargo á aplicación 330.78 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2026.

ANEXO

**EXP. 564/2026 BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A
CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS/AS E OUTRAS ENTIDADES
SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE TOÉN PARA O ANO 2026**

Primeira.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte do Concello de Toén, de subvencións a asociacións de veciños/as e outras entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan a súa actividade dentro do Termo Municipal de Toén, mediante convocatoria pública e



través do procedemento de concorrència competitiva.

O obxectivo das axudas será o de favorecer a realización de actividades, o fomento do asociacionismo municipal e a participación cidadá na actividade municipal, promovidas polas entidades ás que vai dirixida esta convocatoria e que se desenvolvan no ano 2026.

O programa de actividades deberá ser viable tendo en conta o orzamento da entidade e os medios dos que dispón.

As accións financiadas coa subvención que se perciba ao abeiro desta convocatoria deberán executarse con estrito sometemento á normativa vixente que sexa de aplicación, tanto dende o punto de vista fiscal como laboral, e outros de semellante natureza.

Os programas para os que se solicita a subvención deberán referirse a:

- a. Actividades de carácter sociocultural, deportivo, recreativo ou formativo.
- b. Actividades de promoción do asociacionismo e da participación cidadá na vida pública.
- c. Actividades de fomento do desenvolvemento sostible e aquelas accións encamiñadas á utilización das novas tecnoloxías.
- d. Actividades de promoción da igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero

Segunda.- Entidades beneficiarias

Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta convocatoria as asociacións e demais entidades sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Toén.

Para poder optar ás subvencións as entidades deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Toén na data de aprobación destas bases polo órgano competente.

Terceira.- Financiamento

A concesión destas subvencións outorgarase con cargo ás aplicacións 330.48 e 330.78 do orzamento municipal do exercicio 2026, reservándose para tal fin o correspondente crédito orzamentario, por un importe de respectivamente de 6.100,00 € e de 1.400,00 € (total de 7.500,00 €).

Cuarta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1. As solicitudes, xunto coa documentación adxunta, dirixiranse á Alcaldía, presentándoas obrigatoriamente de forma TELEMÁTICA e conforme aos modelos incorporados como anexos destas bases, e realizarase exclusivamente a través da sede electrónica do Concello de Toén en la dirección <https://concellodetoen.sedelectronica.es>, de acordo co previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Conforme a devandito artigo, todos os trámites relativos a este procedemento realizaranse por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Toén.

Os modelos de documentación serán publicados na sede electrónica municipal <https://concellodetoen.sedelectronica.es>.

2. O prazo improrrogable de presentación será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

3.1. Documentación administrativa:

- a. Solicitud dirixida ao alcalde, no modelo recollido no anexo I destas bases.
- b. Certificación de conta bancaria da entidade expedida pola entidade financeira correspondente.
- c. Declaración responsable, no modelo recollido como anexo II destas bases, comprensiva do feito de non atoparse incurso a entidade solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal e Autonómica) e coa Seguridade Social.
- d. Declaración da entidade solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, sexan públicas ou privadas, no modelo recollido como anexo III destas bases.

3.2. Documentación obrigatoria para a valoración das solicitudes:

- a. Memoria explicativa detallada da actividade para a que se solicita a subvención, no modelo recollido como anexo IV destas bases.
- b. Orzamento detallado das actuacións para as que se solicita a subvención, no modelo recollido como anexo V destas bases.
- c. Orzamento xeral da entidade, no modelo recollido como anexo VI destas bases.
- d. Memoria de actividades dos catro anos anteriores, no modelo recollido como anexo VII destas bases.

Quinta.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables os gastos derivados da realización as actividades subvencionadas, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 da Lei xeral



de subvencións.

Os gastos poderán ser de natureza corrente ou de investimento, pero en todo caso teñen que executarse con ocasión do desenvolvemento da actuación obxecto da subvención.

Sexta.- Procedemento de concesión

A instrución e ordenación do procedemento de concesión das axudas obxecto destas bases correspóndelle á Alcaldía.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, comezase a instrución do expediente coa comprobación da corrección da documentación achegada. Examinada a documentación, a Alcaldía poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda das deficiencias materiais detectadas.

Transcorrido o dito prazo, de ser o caso, procederase de conformidade coas seguintes regras:

- a.** Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de inadmisión a trámite das súas solicitudes.
- b.** Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, pasando á comisión de valoración para que formule proposta de valoración das solicitudes conforme aos criterios recollidos nestas bases.

Sétima.- Comisión de valoración

A comisión de valoración estará integrada polas seguintes persoas, nomeadas mediante un decreto da Alcaldía:

- Presidente/a: o alcalde ou concelleiro/a no que delegue
- Vogais: dúas persoas concelleiras nomeadas pola Alcaldía
- Secretario/a: a secretaria-interventora do concello (con voz e sen voto)

Oitava.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións

Os criterios de valoración para a concesión de subvencións, así como para fixación da súa contía, serán os seguintes de acordo co disposto no artigo 6 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén:

- A continuidade, estabilidade e solvencia da entidade solicitante no ámbito no que vaia a desenvolver a actividade (ata 27 puntos)
- A orixinalidade do programa ou actividades que desenvolva, a interese xeral e a súa incidencia no ámbito municipal (ata 15 puntos)
- Número estimado de persoas beneficiarias das actividades que desenvolve a entidade (ata 12 puntos)

Novena.- Contía máxima da subvención

Ningunha entidade pode percibir ao abeiro desta convocatoria unha contía superior aos 700,00 €.

Décima.- Resolución

A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Xunta de Goberno Local do Concello, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate o prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias.

A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución seralle notificada a todas as entidades solicitantes.

Undécima.- Publicidade da concesión

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación na sede electrónica municipal (<https://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), con expresión das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte da entidade beneficiaria

A entidade beneficiaria da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo a seguinte medida de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional do Concello de Toén ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada polo Concello, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web da entidade.

Décimo terceira.- Xustificación

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria deberán estar xustificadas con data límite do día 04/12/2026. De xeito xustificado, a Xunta de Goberno Local poderá conceder unha prórroga no prazo indicado.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- a.** Instancia subscrita pola persoa representante legal da entidade beneficiaria da subvención na que



solicite o seu pagamento, no modelo recollido como anexo VIII destas bases.

b. Conta xustificativa, segundo establece o artigo 75.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, que se presentará conformada polo/a presidente/a da entidade, integrada polos seguintes documentos:

- Memoria detallada das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo, no modelo recollido como anexo IX destas bases.
- Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado con expresión mínima da data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento e data de pagamento, no modelo recollido como anexo X destas bases.
- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, no modelo recollido como anexo XI destas bases.
- Orixinais dixitalizados das facturas xustificativas dos gastos e acreditación do seu pago.

c. Acreditación das medidas de difusión adoptadas. Incluirase unha copia dos documentos gráficos ou outros medios nos que conste que a actividade foi subvencionada polo Concello de Toén.

Décimo cuarta.- Requisitos dos documentos legais de xustificación do gasto

Os documentos que se acheguen como xustificante de gasto da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

a. Deberase achegar copia dixitalizada de cada un dos documentos que se presenten.

b. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, ademais de estar datadas no período subvencionable (dentro do exercicio 2026). Deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

1. Número e, no seu caso, serie.
2. A data da súa expedición.
3. Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do expedidor como do destinatario (neste caso o beneficiario da subvención).
4. Número de Identificación Fiscal, tanto do expedidor como do destinatario (neste caso o beneficiario da subvención).
5. Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
6. Descrición da operación realizada co suficiente detalle, incluíndo o importe unitario sen imposto da operación, así como calquera rebaixa que non estea incluída no devandito importe unitario
7. O tipo impositivo ou tipos impositivos do IVE, no seu caso, aplicados ás operacións.
8. A cota tributaria do IVE que, de ser o caso, se repercute, que deberá consignarse por separado.
9. Data en que se realizou a operación (se é diferente á de emisión da factura).
10. No caso de que a operación que se documenta nunha factura estea exenta do IVE, referencia á disposición da Lei do Imposto no que se indique que a operación está exenta.

O “tiquet de caixa” ou “factura simplificada” só é válido se contén todos os requisitos anteriores.

Non se aceptarán as facturas que non cumpran os requisitos indicados arriba e tampouco se considerarán válidas a efectos da xustificación as facturas emitidas a persoa física ou xurídica distinta da entidade beneficiaria da subvención.

c. Xustificarase o seu pagamento conforme á normativa vixente en materia de pagos. O pagamento realizarse conforme ás seguintes normas:

1. No caso dos pagamentos que sexan iguais ou superiores a 250,00 €, o pago realizarase mediante transferencia bancaria ou domiciliación bancaria. Xustificarase mediante a presentación do resguardo da entidade financeira da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada, na que conste o terceiro ao que vai dirixido o pagamento, a identificación do nº e data da factura, e a data na que foi realizado.
2. No caso de pagamentos inferiores a 250,00 €, o pago poderá realizarse tamén en efectivo. Xustificarase mediante a presentación dun recibo que acredite que ao emisor da factura foille satisfeito o importe. Este recibo debe conter polo menos:
 - Termo “Recibín”, “Recibo de pago”, “Recibín en efectivo” ou similar.
 - Datos identificativos do cobrador: nome e apelidos, DNI/NIF, firma e selo.
 - Identificación da factura á que corresponde o pago e a súa data.
 - Data de cobro.

Tamén será válido para xustificar o pagamento a presentación do “tiquet de caixa” ou “factura simplificada”, sempre que conteña a indicación “Efectivo” e a data da operación (este documento só é válido para xustificar o pago da factura, pero non substitúe á factura, salvo que conteña todos os requisitos indicados no apartado b. desta base).

3. Para o suposto de que se inclúan facturas con retencións fiscais, deberá achegarse o xustificante



de ter ingresado o seu importe na Facenda Publica mediante os modelos 111 ou 190. A non xustificación de pagos do IRPF implica que o importe da factura non será subvencionado.

4. O pagamento de gastos de persoal xustificárase a través do contrato de traballo, nóminas e xustificación de pago, acompañadas dos correspondentes TC e, de ser o caso, o xustificante de ter ingresado as retencións fiscais na Facenda Pública nos termos indicados no apartado anterior. Non se admitirán os pagos realizados por cheque e con tarxeta bancaria.

En caso de que non se executen na súa totalidade os gastos presentados coa solicitude da subvención (é dicir, se o gasto finalmente executado e xustificado é inferior ao presentado coa solicitude da subvención), no momento do pago da subvención procederase á minoración proporcional do importe da subvención concedida.

Décimo quinta.- Pagamento

O pagamento realizarase unha vez xustificada de modo completo a subvención concedida mediante transferencia á conta correspondente sinalada pola entidade beneficiaria.

A falta de acreditación de gastos, así como as deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente a entidade beneficiaria, dará lugar ao rateo automático da cantidade subvencionada.

Do mesmo xeito, as subvencións minoraranse proporcionalmente se o gasto xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a concesión da subvención.

Décimo sexta.- Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada pola entidade solicitante se dentro do prazo dos 10 días seguintes ao da recepción da notificación da concesión non manifesta nada en contra.

As entidades beneficiarias da subvención, unha vez aceptada, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

As entidades beneficiarias someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello cos medios que estime oportunos e facilitarán tanta información lles sexa requirida.

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións.

Décimo sétima.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas, concedidas por administracións distintas do propio Concello de Toén para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Para o cálculo do gasto da actividade subvencionada tamén se terán en conta as achegas que, de ser o caso, fagan as persoas que participen nas actividades en concepto de cotas de inscrición. Os ingresos que perciba a entidade por este concepto tamén serán declarados na conta xustificativa da subvención. No suposto de que a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, achegas dos participantes, etc) supere o 100% do custo da actividade, a subvención será reducida ata chegar ao 100% do custo.

Décimo oitava.- Reintegro de subvencións

No caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, de ser o caso, de perda do dereito á subvención concedida.

A obriga de reintegro ou a perda do dereito á subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose o acordo co principio de proporcionalidade.

Disposición final

En todo o non especificado nestas bases ateranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén. Tamén se aplicará a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I. SOLICITUDE SUBVENCIÓN (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Municipio- Provincia	



Correo electrónico

EXPOÑO:

Que a entidade á que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de veciños e outras entidades sen ánimo de lucro do Concello de Toén para o ano 2026 (Exp. 564/2026).

Asumo todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e achego a seguinte documentación esixida nesta:

- A presente solicitude (anexo I)
- Certificación de titularidade de conta bancaria
- Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición para ser beneficiario/a de subvencións e de estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e de Seguridade Social (anexo II)
- Declaración responsable doutros ingresos para a mesma finalidade (anexo III)
- Memoria das actuacións para as que se solicita a subvención (anexo IV)
- Orzamento detallado das actuacións para as que se solicita a subvención (anexo V)
- Orzamento xeral de ingresos e gastos (anexo VI)
- Memoria de actividades de anos anteriores (anexo VII)

SOLICITO:

Unha subvención por importe de _____ euros para a realización das actividades que se indican no anexo correspondente.

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*).

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

**ANEXO II. DECLARACIÓN CUMPRIMENTO REQUISITOS PARA SOLICITUDE SUBVENCIÓN
(EXP. 564/2026)**

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Municipio- Provincia	
Correo electrónico		

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

☐ Non atoparme incurso/a en causa constitutiva de prohibición de obtención de

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es



subvencións concedidas polo Concello de Toén

- ☐ Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica.
- ☐ Estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración.

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*).

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO III. DECLARACIÓN DOUTROS INGRESOS PARA SOLICITUDE SUBVENCIÓN (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Municipio- Provincia	
Correo electrónico		

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE (riscar o que proceda):

A) AXUDAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS

☐ Que presentou a/s solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, de ser o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicaranse pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

☐ Non ter solicitado nin, en consecuencia, ter concedida ningunha outra axuda para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

B) OUTROS INGRESOS

☐ Que percibiu outros ingresos para a mesma finalidade, segundo o detalle seguinte:

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es



Natureza do ingreso (2)	Contía

(2) No caso de ingresos por cotas ás persoas participantes farase constar o número de persoas participantes e o importe unitario.

☐ **Que non percibiu outros ingresos para a mesma finalidade.**

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*).

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigação legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO IV. MEMORIA ACTUACIÓNS PARA SOLICITUDE SUBVENCIÓN (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Municipio- Provincia	
Correo electrónico		

Denominación do proxecto ou actividade
Persoas/s responsable/s do proxecto
Fundamentación (razón/s pola/s que se solicita a axuda)

Actividade/s concreta/s	Data/s de execución

Persoas destinatarias (quen vai a participar nel, para quen se organizan as actividades, número aproximado de persoas participantes, etc)

--

Observacións:

--

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es



Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*.

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigaación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO V. ORZAMENTO ACTUACIÓNS PARA SOLICITUDE SUBVENCIÓN (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Municipio- Provincia	
Correo electrónico		

Denominación do proxecto ou actividade

GASTOS (*)

Concepto	Importe (€)	Natureza (corrente/investimento)
TOTAL		

INGRESOS ()**

Concepto	Importe (€)



TOTAL

(*) En caso de que non se executen na súa totalidade estes gastos (é dicir, se o gasto finalmente executado e xustificado é inferior ao contido neste orzamento), procederase á minoración proporcional do importe da subvención concedida.

(**) No caso de de non existir ningún ingreso deberase facer constancia deste extremo (indicar como importe 0,00 €).

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*.

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO VI. ORZAMENTO XERAL ENTIDADE PARA SOLICITUDE SUBVENCIÓN (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Municipio- Provincia	
Correo electrónico		

ORZAMENTO DA ENTIDADE

Orzamento de ingresos		Orzamento de gastos	
	Euros		Euros
Ingresos da entidade por cotas		Gastos de persoal	
Ingresos ordinarios		Gastos de servizos	
Ingresos subvencións		Imprevistos	
Outros ingresos		Outros gastos	
Total ingresos		Total gastos	

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es



Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e*) e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*).

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigação legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO VII. MEMORIA ACTIVIDADES EJERCICIOS ANTERIORES PARA SOLICITUDE SUBVENCIÓN (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade á que representa	CIF	
Enderezo	Municipio- Provincia	
Correo electrónico		

EXERCICIO (cumprimentar tantos modelos como exercicios nos que se realizen actividades ata un máximo de 4)

Actividade/s	Data/s de execución

Persoas destinatarias (persoas destinatarias das actividades, número aproximado de persoas participantes, etc)

--

Observacións:

--

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e*) e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*).

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigação legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO VIII. SOLICITUDE PAGAMENTO PARA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
-----------------	-----	----------

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es



Entidade a que representa		CIF
Enderezo		Municipio- Provincia
Correo electrónico		

DATOS DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA:

ÓRGANO E DATA DO ACORDO DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN:

IMPORTE CONCEDIDO:

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Memoria detallada das actividades realizadas financiadas coa subvención (anexo IX)
- Relación numerada dos documentos xustificativos dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (anexo X)
- Declaración responsable doutros ingresos para a mesma finalidade (anexo XI)
- Factura/s xustificativa/s do gasto (de conformidade co disposto na base décimo cuarta das bases reguladoras destas subvencións)
- Xustificación do pagamento do/s gasto/s (de conformidade co disposto na base base décimo cuarta das bases reguladoras destas subvencións)
- Acreditación das medidas de difusión adoptadas (de conformidade co disposto na base base décimo terceira das bases reguladoras destas subvencións)

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*.

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigaación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO IX. MEMORIA ACTIVIDADES REALIZADAS PARA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade a que representa		CIF
Enderezo		Municipio- Provincia
Correo electrónico		





Denominación do proxecto ou actividade

Importe total dos gastos executados *(En caso de que non se executasen na súa totalidade os gastos contados no orzamento presentado coa solicitude da subvención, procederase á minoración proporcional do importe da subvención concedida)*

Descrición do proxecto ou actividades realizadas

Observacións:

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e)* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a).*

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigação legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO X. RELACIÓN DE GASTOS PARA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
-----------------	-----	----------

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es





Entidade a que representa	CIF
Enderezo	Municipio- Provincia
Correo electrónico	

Nº factura	Data factura	Provedor/a	Concepto	Importe €

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e*) e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*).

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigaación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

ANEXO XI. DECLARACIÓN DOUTROS INGRESOS PARA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EXP. 564/2026)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Municipio- Provincia	
Correo electrónico		

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE (riscar o que proceda):

A) AXUDAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS

☐ Que presentou a/s solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, de ser o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía



--	--	--	--

(3) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicaranse pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

☐ Non ter solicitado nin, en consecuencia, ter concedida ningunha outra axuda para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

B) OUTROS INGRESOS

☐ Que percibiu outros ingresos para a mesma finalidade, segundo o detalle seguinte:

Natureza do ingreso (2)	Contía

(4) No caso de ingresos por cotas ás persoas participantes farase constar o número de persoas participantes e o importe unitario.

☐ Que non percibiu outros ingresos para a mesma finalidade.

Toén, _____

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da subvención.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e*) e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a*).

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigaación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde, Ricardo González Gómez, en Toén na data da sinatura electrónica.

(Documento asinado electronicamente)

Cod. Validación: 7X9YMS4YLDZ6KMGSOEQLTA7MC
Corrección: <https://concello.toen.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15

